



Con datas 16 de xaneiro de 2002, 22 de outubro de 2002 e 18 de febreiro de 2003 dictáronse resolucións rectorais polas que se determinan os complementos de formación que deben realiza-los alumnos matriculados en Graduado Superior en Enxeñería Ambiental, en función da súa titulación de procedencia.

Examinada a procedencia dos actuais alumnos, e á vista do informe da Comisión da titulación de Enxeñería Ambiental de data 17 de setembro de 2003, cómpre amplia-lo anexo á devandita Resolución rectoral e incluír no mesmo os Complementos de Formación para os alumnos procedentes de Enxeñería Técnica Industrial: Especialidade de Centrais e Redes.

Polo exposto, **ESTE RECTORADO RESOLVE:**

ÚNICO.- Incorporar ó Anexo da Resolución do 16 de xaneiro de 2002, os complementos de Formación que deberán cursar, de se-lo caso, os alumnos procedentes da Titulación de Enxeñería Técnica Industrial: Especialidade de Centrais e Redes, segundo se indica a continuación

	Titulación de procedencia	Complementos de Formación	Créditos
24	Enxeñería Técnica Industrial: Especialidade de Centrais e Redes	Bioloxía Resistencia de Materiais	6 6

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2003

O RECTOR,

Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Srs Decanos e Directores de Centro, Sr. Director de Graduado Superior en Enxeñería Ambiental, Sr. Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica, Sra. Xefe do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.